

CONCLUSIÓNS

As violencias contra as mulleres a estudo. O patriarcado. Respostas do feminismo.

Raquel Doval Carregal
Luisa Ocampo Pereira
Elena Rodríguez Giráldez

Vigo, outubro do ano 2014



Conclusións das xornadas municipais celebradas o 24 e 25 de outubro do ano 2014. Organizadas polo Concello Municipal e a Concellería de Igualdade da cidade de Vigo.

DONA MARÍA DEL MAR ESQUEMBRE CERDÁ

“A violencia contra as mulleres: unha cuestión de orde pública”

Penalizar a interrupción voluntaria da gravidez é inconstitucional. Impedir que as mulleres decidan sobre a interrupción voluntaria do embarazo equivale a concebilas como meros obxectos xestantes, incubadoras vivintes ás que se lles cercena a súa capacidade para decidir sobre a súa propia vida a favor da que se está a desenvolver no seu ventre. A súa liberdade deixa de lles pertencer.

Voltar a penalizar o aborto supón una clara discriminación por cuestión de sexo.

Aínda hoxe continúa a imperar o modelo normativo do humano sobre a base da idealización dos estereotipos masculinos. Isto fai que se esquezan as diferenzas biolóxicas que fan posible a reprodución humana e que estas diferenzas sexan tratadas como excepción.

Isto é o que se está a facer cando se continúa a situar o IVE no ámbito penal, en dereito constitucional os estados excepcionais implican a suspensión ou limitación do exercicio de dereitos e liberdades pero o feito de quedar embarazada non pode ser motivo para que se limiten ou suspendan o exercicio de dereitos fundamentais.

O control sobre o corpo das mulleres non pode ser tomado como un asunto de orde público o problema é que o concepto de orde público está demasiado impregnado de patriarcado.

A maternidade libremente escollida é un dereito fundamental que non pode ficar a expensas de maiorías parlamentarias por tanto agora que se está a falar de procesos constituíntes e reformas constiucionais temos que estar atentas e esixir que se expliciten os dereitos das mulleres.

DONA NURIA VARELA MENÉNDEZ

“A nova misoxinia”

- Asasinan a miles de mulleres que non se contabilizan, falta de datos. A violencia extrema é o extremo da misoxinia. Canto máis limitan os dereitos das mulleres máis violencia se exerce.
- A sumisión histórica das mulleres só se conqueiru coa violencia,
- Quen ten capacidade para contar a historia? Quen ten o poder? según quen a conte así será o resultado. As mulleres parece que apenas participaron na historia e non se visualizaron como foi a súa loita a que fixo posible o conqueiramento dos dereitos que disfrutamos nós a día de hoxe. Agora nos atopamos nun período de retroceso por culpa do capitalismo patriarcal que deriva en recortes e desmantelamento do estado de benestar, somos as mulleres as que se fan cargo dos coidados familiares, asumimos o traballo temporal etc.
- Cada día hai menos recursos para a problemática social e moitas mulleres teñen que facerse cargo do que o Goberno abandona.
- A maternidade é un factor clave para as mulleres e para o país.

O patriarcado do século XXI quere retrasar a maternidade e así evitar as medidas para a conciliación. As mulleres que accederon á formación, están máis preparadas, pero non queren nais e formadas. Atopámonos ante o sexismo moderno sobre as necesidades das mulleres e sobre os recortes (misoxinia) a nova misoxinia vai en contra das leis que favorecen á igualdade de oportunidades.

- A violencia de xénero é imparabile e expansiva. Non sabemos datos doutros países, para poder facer unha comparativa a nivel europeo ou mundial. O 70% da violencia non se denuncia, a mutilación, o xenocidio, o infanticidio etc, e calcúlase que once con trinta millóns de mulleres no mundo están desaparecidas.

A violencia de xénero é un fenómeno en todo o mundo e tamén no noso país, o 30% das mozas entre 15 e 30 anos foron maltratadas pola súa parella. Sabemos moi pouco sobre violencia, este ano fíxose público un informe da Unión Europea sobre violencia onde se indicaba que unha de cada tres sufriu violencia física ou sexual.

Que significado ten a “cidadanía das mulleres” neste contexto?

Conclusións “As violencias contra as mulleres a estudo.
O patriarcado. Respostas do feminismo”.

As conclusións europeas din que os dereitos das mulleres non se abordan. As mulleres non denuncian e as autoridades non actúan, a información da violencia contra as mulleres é escasa, nos acostumamos, anestesiado e estancado partindo dende os medios de comunicación.

- A nova misoxinia ten que ver con algunhas sentenzas desfavorables contra as mulleres cando hai circunstancias evidentes. No ano 2011 foron archivadas 45.000 denuncias e descenden as ordes de protección, descendendo tamén a confianza das mulleres por todos estes acontecementos a nivel xudicial e social.

A palabra das mulleres cada día ten menos valor e moitas non denuncian pola falta de confianza no poder xudicial.

Diseñáronse 3.000 dispositivos de control para os maltratadores dos cales só se obrigaron a utilizar ao redor de 700 casos, xa que se fan malas calificacións do risco real das mulleres.

Nin sequera os datos de casos mortais por violencia son reais. Xa que non existe unha forma oficial de cuantificar ás vítimas. Non se sabe se contabilizan as que morren polas consecuencias da agresión, ou as que morren días despois...o que sí sabemos e que os datos que manexan as organización feministas distan moito dos datos oficiais, ata unha diferenza de 20 asasinatos, e sen contar os casos que non chegan os medios de comunicación ou que non son detectados.

Que facemos? Seguimos co simulacro ou paramos ésta deslaxitimización do conflito? Non podemos esperar que algún político queira cambiar a Constitución e recoñecer os dereitos das mulleres dunha forma máis estable. Temos que construír un mundo para facelo habitable.

DONA OLGA CASTRO VÁZQUEZ

***“Novos e vellos sexismos a través da linguaxe:
por un contraargumentario feminista”***

Os usos da linguaxe forman parte da violencia de xénero. Cando debatimos sobre linguaxe inclusiva pregúntannos para que, hai cousas máis importantes... pero na realidade a linguaxe é unha ferramenta para perpetuar o sistema patriarcal. Empregamos a linguaxe como ideoloxía e podemos chegar a formar parte da normalización da linguaxe sexista.

Pero, se a linguaxe non fora tan importante porque tanta transcendencia? Porque os usos da linguaxe teñen poder “pensamos con palabras” e por este mesmo motivo a eliminación do machismo non forma parte das normativas.

Existen moitas reticencias para o cambio. Afirman que o uso do masculino como xenerico “é o uso tradicional”, “sempre se empregou”, que as mulleres non nos sentimos discriminadas ou que “hai que recoller os usos empregados no presente”...ante estas discrepancias o movemento feminista realiza as seguintes contraargumentacións, propostas e estudos:

- É de extrema importancia a representación social das mulleres e dos homes.
- Detectar a linguaxe sexista: Inversión do xénero.

Invertir o xénero na construción lingüística para detectar se estamos ante construcións asimétricas. Cambiar as palabras masculinas polas súas correspondentes femininas e viceversa. Se a nova frase non resulta inadecuada pode dicirse que non hai sexismo na primeira.

- Importancia da presenza do sexismo no discurso (nas expresións) e na gramática:

O uso do masculino como xenerico: Na realidade o sexo e o xénero converxen polo que o masculino crea ambigüedade e non serve para representar á sociedade,

Conclusións “As violencias contra as mulleres a estudo.
O patriarcado. Respostas do feminismo”.

tampouco é certo que se empregara tradicionalmente ou historicamente como xenérico.

A utilización de falsos pares: palabras que posúen distinto significado segundo se empreguen en xénero masculino ou feminino. Empregando a nivel formal expresións sexistas porque os emprega a sociedade (fulano, fulana)

Baleiros lexicais: falta de vocabulario para denominar experiencias vitais das mulleres.

- EXTRATEXIAS PARA COMBATILO:

Neutralización: é dicir, empregar termos neutros (persoas, público,...)

Especificación: mencionar de forma explícita os dous sexos, empregando recursos gráficos (@, /, x,..)

Neoloxismos: aplicar novos termos adaptados á realidade social (membra, presidenta, azafato, hombría...).

Uso do feminino.

CONCLUSIÓN:

Todas estas estratexias cando se empregan noutros casos ninguén as considera inadecuadas. Porque as que molestamos somos as mulleres, non os signos.

Estannos mentindo, porque realmente, o que non queren, é un cambio social.

MESA REDONDA “ACHEGAS E RESPOSTAS DO MOVEMENTO FEMINISTA”

Dona Laura Quintas Lorenzo

Dona Rosa Fontaíña Pazos

Dona Luisa Ocampo Pereira

As mulleres somos un grupo heteroxéneo e diverso que sufrimos discriminacións múltiples:

- Na educación.
- Nos xulgados.
- Nas tomas de decisións.
- Seguimos encerradas nas casas e se non é así, están establecendo as políticas sociais necesarias para que así sexa.
- Existen abortos coercitivos e esterilización forzada, sobretodo en casos de mulleres con diversidade funcional.
- A heteroxeneidade das mulleres, e máis concretamente das mulleres con diversidade funcional, é invisible nas políticas de xénero.
- Infantilízannos.
- Fannos responsables das discriminacións sociais.
- Somos máis pobres...

En definitiva...

- Asesínnanos, e a sociedade xa o percibe como algo normal...
- As respostas das mulleres sempre foron e son heteroxéneas, diferentes. Ante as agresións e as violencias a resposta sempre foron os feminismos, que reivindicán unha intervención global sobre todos os espazos, a formación, as políticas

Conclusións “As violencias contra as mulleres a estudo.
O patriarcado. Respostas do feminismo”.

de igualdade, recuperando as institucións, e os medios de comunicación a través das redes sociais ante a invisibilización nos mass media, en definitiva, seguir na loita feminista a través da axuda mutua, a través de feminismos combativos e unitarios.

DONA NIEVES SALOBRAL MARTÍN

“O papel das mulleres ante a crise financeira”

Conceptos: TRABALLO FEMININO, RENTA FAMILIAR, PENALIZAR EMPREGO.

Que queremos defender? O capital? O mantemento da vida?

O estado escolle defender o capital: financiar os bancos, recortes sociais, atacar as condicións de vida, controlar os nosos corpos...

A crise ecolóxica, de coidados e de reprodución social na que nos atopamos están interrelacionadas. Empregan mecanismos de control para establecer un sistema capitalista heteropatriarcal. E establécense estratexias de supervivencia: a economía gratis, de retales, de trueque ou de rebusque.

A responsabilidade de soste a vida está privatizada, feminizada e invisibilizada. É necesario reivindicar que o que se ve é o traballo produtivo, e o que sostén ese traballo produtivo son os traballos domésticos e de coidados.

A ferramenta máis poderosa para manter este sistema de coidados é o amor romántico, que une a suxeitos masculinizados con suxeitos feminizados, onde a verticalidade é símbolo de poder masculino e a horizontalidade símbolo da sumisión do feminino.

O capitalismo actúa como unha droga de consumos insatisfeitos que intenta impedir loitar contra o heteropatriarcado.

A única alternativa que temos é loitar por una vida digna, que mereza ser vivida, e a desobediencia feminista.

Conclusións “As violencias contra as mulleres a estudo.
O patriarcado. Respostas do feminismo”.